

ANUNCIO
LISTAXE DE ASIGNACIÓN DE HORARIO DE ATENCIÓN NA QUENDA DE TARDE
ESCOLA INFANTIL 0-3 PRÍNCIPE FELIPE CURSO 2023-2024

A Deputación de Pontevedra para o curso actual 2023/2024, ten entre outros, en funcionamento unha aula mixta de tarde (1-3 anos de idade) en aplicación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e das "Instrucións para os agrupamentos/redistribucións temporais".

Nas base décimo segunda, reguladora do procedemento de admisión na Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe para o curso 2023-2024, recóllese que, "No caso de haber elixido a opción de horario en quendas alternas, se durante o prazo de dous meses non se fai uso do mesmo e o neno ou nena permanece durante todo o período nunha mesma quenda, automaticamente se cambiará o horario a quenda da que se ven facendo uso no dito período".

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social trasladou ao CPF a idoneidade de integrar na aula mixta de tarde a menores do grupo de idade 0-1 anos.

Aplicadas as previsións establecidas na base décimo segunda da convocatoria de admisión, publícase a LISTAXE DE USUARIOS/AS ADMITIDOS NUN HORARIO QUE EXCEDE DAS 16:00 H., ASÍ COMO EN HORARIOS DE QUENDAS ALTERNAS:

Número de entrada no Rexistro	Nome do/a menor	Idade do/a menor	Baremación
WEB2023037801	Francisco	0-1	5
WEB2023027766	Alejandro	0-1	4
WEB2023032042	Carlota	0-1	3

Habilítase un prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o día da publicación da presente lista na Páxina Web e na Sede Electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, para a presentación das reclamacións que se consideren oportunas.

Os efectos da nova asignación de horarios de atención dos/das usuarios/as, establécense para o 18 de marzo de 2024.

Documento asinado dixitalmente ao marxe,

